



Guía Docente				
Datos Identificativos				2012/13
Asignatura (*)	Lexicoloxía e Semántica do Español		Código	613G01035
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Prerrequisitos				
Departamento	Filloxía Española e Latina			
Coordinación	Cordoba Rodriguez, Felix	Correo electrónico	felix.cordoba@udc.es	
Profesorado	Cordoba Rodriguez, Felix	Correo electrónico	felix.cordoba@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudio teórico y descriptivo del léxico español. Análisis de la estructuración del significado de la lengua española.			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Coñecer as principais correntes de estudio dos ámbitos relacionados co léxico e a súa aplicación ao español.	A1 A2 A3 A11 A15 A21 A23	B1 B2 B3 B5 B7 B8 B10	C1 C6 C8
Coñecer os niveis léxico e semántico do español e telos en conta na análise e explicación de textos.	A1 A2 A22	B3 B5 B6 B7	C6
Coñecer e saber identificar razoadamente as unidades léxicas do español e as relacións entre elas.	A1 A2 A3 A5 A10 A15	B1 B3 B5 B6 B7	C1
Coñecer e saber utilizar co máximo aproveitamento e de forma crítica os dicionarios do español.	A5	B1 B2 B3 B4	C1 C6

Contidos	
Temas	Subtemas
1. El estudio del léxico	Disciplinas que estudian el léxico. El significado.
2. Semántica del español: unidades léxicas	La palabra. Fraseología.



3. Semántica del español: la estructuración del léxico	Campos léxicos. Relaciones léxicas.
4. Lexicología sincrónica	Formación de palabras. Tendencias del léxico del español.
5. Lexicología diacrónica	Procedencia del léxico español. Préstamos. Cambios semánticos. Etimología.
6. Lexicografía del español	Introducción a la Lexicografía. Los diccionarios del español.

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	0.5	0	0.5
Sesión maxistral	21	30	51
Obradoiro	21	30	51
Lecturas	0	10	10
Traballos tutelados	0	14	14
Proba mixta	2	20	22
Atención personalizada	1.5	0	1.5

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Exame dos coñecementos previos relacionados coa materia. Actividades para coñecer as competencias, intereses e motivacións do alumnado. Preténdese obter información relevante que permita articular unha docencia que favoreza a aprendizaxe eficaz e significativa.
Sesión maxistral	Exposición teórico-práctica. Agárdase que o alumnado se implique nestas sesións de forma participativa.
Obradoiro	Combinación de diversas metodoloxías e probas (exposicións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas etc.) a través das que o alumnado desenvolve tarefas sobre un tema específico co apoio e supervisión do profesor.
Lecturas	Lectura reflexiva e asimilación de diversos artigos ou capítulos de libros.
Traballos tutelados	Traballo monográfico sobre un tema relacionado coa materia. Será imprescindible o seguimento da súa preparación por parte do profesor.
Proba mixta	Exame final no que se amosarán os coñecementos e competencias adquiridos, tanto dende o punto de vista teórico como aplicado.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	As actividades dos obradoiros levarán consigo unha fase de preparación e seguimento que implica un uso intensivo das titorías.
Proba mixta	
Sesión maxistral	A atención personalizada faise especialmente necesaria nas actividades cuxa formulación ou desenvolvemento sexan diferentes para cada estudante.
Obradoiro	Enténdese que a avaliación forma parte do proceso de aprendizaxe e, polo tanto, recoméndase que se empreguen as titorías para revisar os exercicios, o traballo tutelado e o exame final. As titorías poderán ser presenciais ou realizarse mediante correo electrónico ou a plataforma Moodle.
Lecturas	

Avaliación
------------



Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	Traballo monográfico sobre un tema relacionado coa materia. Avaliarase a orixinalidade, o rigor, o correcto e completo manexo das fontes, a axeitada estruturación, a corrección lingüística, a calidade e profundidade da análise e a relación coa bibliografía pertinente e cos contidos da materia.	20
Proba mixta	Exame final na data oficial establecida pola Facultade no que se amosarán os coñecementos e competencias adquiridos, tanto dende o punto de vista teórico como aplicado. Poderá consistir no desenvolvemento de contidos, aplicación de coñecementos á análise de elementos léxicos ou textos, preguntas cortas, etc. Poderá incluír contidos das sesións maxistras, os obradoiros e as lecturas.	50
Obradoiro	Exercicios que se desenvolverán tanto nas aulas como fóra delas.	30

### Observacións avaliación

Para superar a materia, a cualificación mínima da proba mixta deberá ser de 4 puntos sobre 10.

Cualificarase como non presentado a quen non se presente ao exame final oficial, independentemente do número de actividades entregadas.

Na segunda edición de actas (mes de xullo) poderanse recuperar tódolos instrumentos de avaliación arriba descritos coas mesmas porcentaxes que na primeira edición. Só cualificarase como non presentado a quen xa tivese esta cualificación na edición de actas de xaneiro e, ademais, non se presente ao exame oficial de xullo.

Para a segunda edición de actas a data límite de entrega do traballo e as actividades será a data fixada oficialmente para o exame.

Os traballos ou actividades enviaranse por correo electrónico dende a dirección que a UDC proporciona a cada estudante. O estudante comprométese a gardar unha copia de cada traballo, en previsión de problemas na recepción.

Só se aceptarán traballos, actividades etc., que se entreguen no prazo establecido.

Os traballos, actividades e exames deben cumprir as esixencias de corrección lingüística propias destes textos (ortografía, puntuación, precisión léxica, rexistro formal, discurso coherente e cohesionado etc.). Penalizarase a cualificación dos escritos que non se axusten a esta norma.

O plaxio (é dicir, a utilización de textos ou ideas doutros autores sen indicar a fonte de procedencia), mesmo parcial, ou calquera outra falta de honradez académica, dará lugar á descualificación automática da actividade.

Estudantes a tempo parcial con dispensa académica recoñecida. Realizarán actividades compensatorias dos obradoiros, previo acordo co profesor.

### Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Escandell Vidal, M. Victoria (2007). Apuntes de semántica léxica. Madrid: UNED</li> <li>- Lara, Luis Fernando (2006). Curso de lexicología. México: El Colegio de México</li> <li>- Otaola Olano, Concepción (2003). Introducción a la lexicología de la lengua española. Madrid: UNED</li> <li>- Casas Gómez, Miguel (1999). Las relaciones léxicas. Tubinga: Max Niemeyer</li> <li>- Otaola Olano, Concepción (2001). Lengua Española III. Semántica. Lexicología. Lexicografía. Madrid: UNED</li> <li>- Medina Guerra, Antonia M. (coord.) (2003). Lexicografía española. Barcelona: Ariel</li> <li>- Porto Dapena, José-Álvaro (2009). Lexicografía y metalexigrafía: Estudios, propuestas y comentarios. A Coruña: Universidade da Coruña</li> <li>- Otaola Olano, Concepción (2004). Lexicología y semántica léxica teoría y aplicación a la lengua española. Madrid: Ediciones Académicas</li> <li>- Miguel, Elena de (ed.) (2009). Panorama de la lexicología. Barcelona: Ariel</li> <li>- Lyons, John (1997). Semántica lingüística: Una introducción. Barcelona: Paidós</li> </ul>
<b>Bibliografía complementaria</b>	

### Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**



Materias que continúan o temario
Observacións
AdaptaciónA materia poderá ser adaptada a estudantes con discapacidades, que non teñan un nivel de español similar ao do nativo ou que por calquera motivo precisen algunha modificación en calquera dos aspectos reflectidos nesta guía docente. Prégase aos interesados que se poñan en contacto co profesor ou co seu titor.

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías